



RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DOS PREMIOS DE CURTAS DE ANIMACIÓN EN GALEGO ELABORADAS NO MARCO DO PROGRAMA NÓS TAMÉN CREAMOS!

A Secretaría Xeral da Lingua e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, mediante unha disposición conxunta do 18 de outubro de 2024, aprobaron as bases e convocaron os premios a curtas de animación en galego elaboradas no marco do programa Nós tamén creamos!, en centros de educación infantil e primaria de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso académico 2024/2025.

De acordo co establecido no artigo 11 da convocatoria e tendo en conta a proposta de resolución realizada pola Comisión de Selección,

RESOLVEMOS:

Declarar gañadoras as seguintes curtametraxes, correspondentes aos premios convocados:

Categoría 1: 2º ciclo de educación infantil	1º Premio	<i>Árbores no camiño</i> , do CEIP Xesús Golmar, de Lalín (Pontevedra)
	Accésit	<i>O avó de Zulaimar</i> , do CEIP Xosé Manuel Folla Respino, de Vilamartín de Valdeorras (Ourense)
Categoría 2: 1º e 2º de educación primaria	1º Premio	<i>Valentina</i> , do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao, de Vigo (Pontevedra)
	Accésit	<i>Coas mans baleiras</i> , do CEIPP da Espiñeira-Aldán, de Cangas (Pontevedra)
Categoría 3: 3º e 4º de educación primaria	1º Premio: <i>Navega, caracol</i> , do CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña)	
Categoría 4: 5º e 6º de educación primaria	1º Premio: <i>O avó de Zulaimar</i> , do CEIP Santo André de Xeve (Pontevedra)	

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral da Lingua

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Valentín García Gómez

Judith Fernández Novoa

